

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019414	IES A Basella	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES A Basella; O alumnado do IES A Basella de Vilanova de Arousa vive na súa maioría nun medio rural-mariñeiro ou semi-urbano e pertence maioritariamente á clase media ou media-baixa que, segundo especifica o PEC do Centro, nunha boa porcentaxe amosa unha actitude positiva cara aos estudos, mais só un 60% (aproximadamente) está motivado para estudar. Se a estes datos lles engadimos que o 35% non pensa continuar os seus estudos despois da ESO, podemos deducir que o profesorado deberá prestar especial atención á motivación do alumnado e a despertar o seu interese para que aproveiten a materia convenientemente e saiban exportar os coñecementos e, sobre todo, as competencias adquiridas nesta materia a todas as demais.

Por todo isto decidimos traballar aquí o fomento da lectura no ámbito educativo, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Finalmente, tamén se tivo en conta na elaboración da presente programación o grupo de alumnado ao que vai dirixida (4º de ESO), o número de alumnos por curso (4º ESO A, 7 alumnos/as e 4º de ESO B, 5) e os datos recabados de outros docentes de cursos anteriores para adaptar metodoloxías, contidos, etc.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que debe prestarse unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, e o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria e secundaria e bacharelato para Galicia, recolle que a biblioteca escolar debe converterse nun centro neurálxico de aprendizaxe dos saberes básicos e da adquisición de competencias, que ofrece recursos tanto para compartir, reflexionar e expresar preferencias persoais ao redor da lectura, como para impulsar a innovación, a creatividade e o pensamento crítico da comunidade educativa. Así mesmo, tamén é recomendable conformar comunidades lectoras con referentes compartidos para desenvolver estratexias que axuden o alumnado a seleccionar os textos do seu interese, apropiarse deles e compartir de maneira persoal e creativa a súa propia experiencia de lectura; e establecer contextos nos que xurdan motivos para ler, a partir de retos de indagación e contraste, e que propoñan maneiras de vincular afectivamente as lectoras e os lectores cos textos. A medida que se avance na adquisición do obxectivo, será posible ir reducindo progresivamente o acompañamento docente co fin de mellorar a lectura comprensiva e os hábitos de lectura do alumnado.

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura, é a posta en marcha de proxectos de lectura como este, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas. Esta práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura está avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros, coa participación nalgúns casos de pais, nais, e outros membros da comunidade escolar.

Este proxecto lector na natureza consiste, basicamente, en promover a participación dun grupo de alumnado para compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dunha persoa adulta que conduza todo o proceso. Así, conseguiremos melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica. Ademais, apoiaremos a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.

Temos a sorte de contar cun número de integrantes non excesivo para poder desenvolver este proxecto. A utilización das tecnoloxías de información e comunicación así como algunhas das posibilidades de Internet poden enriquecer a nosa actividade, contribuír á lectura en diversos soportes, introducir as narrativas transmedia, e facilitar a difusión das súas propostas entre a comunidade educativa. A participación de alumnado e persoas adultas da comunidade educativa (nalgúns sesións), pode enriquecer a experiencia e propiciar ambientes lectores interxeracionais.

Pretendemos crear un grupo de dinamización a prol da lectura nas comunidades educativas das que forman parte, e ámbitos de aprendizaxe de competencias clave para a vida, pero tamén son espazos de convivencia e de educación cidadá.

Intentaremos crear vínculos cos outros grupos lectores e realizar actividades conxuntas que axudan a tecer unha rede de lectores na comunidade galega. Incluso podremos realizar algunha ruta literaria pola contorna que lles axude a ir descubrindo ou dando vida ao seu territorio. Algúns destes grupos poden recuperar as lecturas tetralizadas ou dramatizadas e establecer liñas de colaboración con bibliotecas públicas e entidades culturais do seu medio máis próximo; tamén podemos aproveitar a rede de radios locais ou as radios escolares para contaxiar aos demais o noso gusto pola lectura. Esperamos tamén acudir a centros de ensino primario ou infantil para realizar lecturas compartidas cos máis pequenos ou aos centros de persoas maiores, e comezar así a estenderse as lecturas públicas en prazas e outros espazos cidadáns da nosa vila.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso proxecto: arrancamos	1. Organización dos grupos cooperativos. Actividades de cohesión, distribución de roles e formación de grupos estables. 2. Elección da temática do proxecto. Como chegar da temática do PDI de centro "A ecoloxía e a sustentabilidade". Que sabemos realmente da situación e o coidado do medio ambiente e o cambio climático? Desbotando mitos e prexuízos. Busca de información con criterio.	20	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso proxecto: arrancamos	3. Organización do plan de traballo. Que necesitamos? Como nos organizamos?	20	10	X		
2	Inmersión na biblioteca.	Cada grupo fará unha búsqueda selectiva de fontes bibliográficas a modo de traballo de investigación na biblioteca do centro (e tamén na biblioteca municipal) para coñecer o material co que contamos: revisión e selección de bibliografía, informes, reportaxes e material documental interesante sobre o tema.	35	10		X	
3	Debate e posta en escena.	Realización de conclusións e de debate final e presentación do mesmo (pode realizarse dentro do propio grupo ou tamén debate con outros grupos).	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso proxecto: arrancamos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Inmersión na biblioteca.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Debate e posta en escena.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as ideas logradas e debatilas na clase e/ou con outros grupos con respecto e tolerancia hacia os demais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais e en papel na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Lecturas na natureza" que se insire dentro da temática do PDI de centro (Ecoloxía e sustentabilidade).

Antes de comezar cada unidade, apartado e trimestre, trataranse de pescudar na aula (preferentemente de xeito oral) os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.

Para realizar o proxecto, o alumnado estará organizado en grupos de traballo cooperativo nos cales cada alumno e alumna deberá desempeñar un rol individual que irá rotando ao longo do curso (coordinador, secretario, portavoz...), de xeito que todos desempeñarán nun momento ou outro os distintos roles. Ao mesmo tempo, cada un asumirá unha serie de tarefas, que eles mesmo aprenderán de xeito progresivo a xestionar, dentro do desenvolvemento da parte do proxecto que lle corresponda a cada equipo e que integrarán o resultado final do proxecto. Búscase conseguir que aprendan a traballar e cooperar no grupo e a asumir as súas propias responsabilidades ao tempo que toman conciencia das problemáticas da vida en sociedade enfrontándose a ela desde un punto de vista crítico, asumindo responsabilidades e buscando solucións.

Ao partir o proxecto dun contexto e unha situación real e próxima (a diversidade no seu propio centro), preténdese axudar a que o alumnado o asuma como propio favorecendo a conexión co traballo realizado.

O traballo en grupo colaborativo flexible permitirá asumir e ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como a axuda e cooperación entre eles mesmos. Este último aspecto axudará tamén a crear un clima de confianza e seguridade do alumnado dentro do seu propio grupo e reforzará a súa autoestima. Traballarase de xeito especial no primeiro trimestre diferentes estruturas de cohesión de grupo.

O profesor supervisará o desenvolvemento de todo o proxecto, pero deixará que sexa o propio alumnado quen tome decisións, as asuma e as leve a cabo dentro de cada equipo. Tamén velará especialmente porque se faga de xeito responsable e crítico a partir da colaboración, diálogo, axuda mutua e interacción entre o alumnado antes de tomar calquera decisión.

Contribuirase á alfabetización informacional e dixital, tanto na busca e selección de información (1º e 2º trimestre), como na presentación final do debate ou traballo elaborado (3º trimestre). O profesorado iniciaraos no coñecemento de distintas ferramentas (presentacións de diapositivas en distintos soportes, formularios, enquisas, buscas selectivas, podcasts ...), contribuído así á alfabetización informacional e dixital do alumnado, de xeito que coñezan e aprendan a manipular ferramentas que poidan utilizar noutras materias e en cursos posteriores dunha forma ética, reflexiva e práctica.

Por último, farase especial énfase na atención á diversidade do alumnado (xa desde o inicio na propia configuración dos grupos cooperativos), na prevención das dificultades de aprendizaxe (potenciarase que sexa dentro do propio grupo onde se solventen entre eles mesmo moitas delas, pero sempre coa supervisión do profesorado) e poñeranse en práctica todos aqueles mecanismos de reforzo que sexan precisos tan pronto se detecten esas dificultades.

Neste proxecto trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinariamente a todas as áreas (xa que se dotará ao alumnado de ferramentas que poderán utilizar en todas elas), pero de xeito específico nas seguintes:

- Lingua castelá e literatura: expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, comprensión e análise da información, selección da información, recoñecemento da diversidade lingüística e rexeitamento de prexuízos lingüísticos e culturais, produción de textos multimodais, selección e interpretación de información procedente de diferentes fontes...

- Lingua galega e literatura: expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, comprensión e análise da información, selección da información, recoñecemento da diversidade lingüística e rexeitamento de

prexuízos lingüísticos e culturais, produción de textos multimodais, selección e interpretación de información procedente de diferentes fontes...

- 1ª lingua estranxeira Inglés: comprensión oral e escrita, redacción de textos, recoñecemento da diversidade lingüística e rexeitamento de prexuízos lingüísticos e culturais...
- 2ª lingua estranxeira francés: comprensión oral e escrita, redacción de textos, recoñecemento da diversidade lingüística e rexeitamento de prexuízos lingüísticos e culturais...
- Xeografía e Historia: localización xeográfica dos lugares tratados nas distintas obras, estudo das culturas nas que xorden, introdución aos condicionamentos ambientais e históricos que rodean ás distintas lecturas .
- Música: relación da música-cultura coas distintas obras.
- Tecnoloxía e Dixitalización: buscas de información en rede, preparación e presentación dixital en distintos formatos do proxecto...
- Educación Plástica e Visual: deseño do formato de presentación do proxecto.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no programa Radio do centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro (concello, asociacións culturais, ...); tamén poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada ou algúns debates ...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros, revistas, manuais; ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou aula de ordenadores. Caderno.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases será na contorna do centro, especialmente no porto e as praias en torno ao les, sempre que as condicións climáticas e atmosféricas o permitan.

Procurarase que tan só en escasas ocasións as clases teñan lugar na aula convenientemente equipada cun encerado tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Tamén usaremos algunhas veces a biblioteca do centro ou as bibliotecas municipais para coñecer os seus fondos e buscar material interesante da nosa temática:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas, ...).
- Libros e outro material libre (bibliografía da biblioteca do centro e posibles peticións actuais que se fagan á mesma durante o curso).

Bibliografía: sen prexuízo de novas incorporacións, a priori cítanse as seguintes obras a modo exemplificativo, a expensas dunha análise en profundidade da biblioteca do centro e a municipal:

- Alonso, A. Utopía, una aventura filosófica, Madrid, Anaya, 2018.
- Costas, L. Verne y la vida secreta de las mujeres planta, Madrid, Anaya, 2016.
- Costas, L. Golpes de luz, Destino, 2021.
- Fernández Paz, A. Aire negro, Xerais, 2009.
- Foenkinos, D. La delicadeza, Seix Barral, 2011.
- Gallego, L. Donde los árboles cantan, Barcelona, SM, 2011.
- Gallego, L. El bestiario de Axlin, Montena, 2018.
- Giono, J. El hombre que plantaba árboles, Duomo ediciones, Barcelona, 2010.
- Kelly, J. La evolución de Calpurnia Tate, Roca editorial, 2010.
- Maceiras, A. A folla azul, Xerais, 2021.
- Patino, B. La civilización de la memoria de pez, Alianza editorial, 2020.
- Verne, J. Veinte mil leguas de viaje submarino, Edhasa, 2006.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase oralmente na clase unha serie de entrevistas orais a modo de proba inicial baseada en competencias clave. Tamén se investigará o seu coñecemento previo e uso dos fondos da biblioteca facendo unha serie de actividades alí mesmo. O seu obxectivo é obter información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de lectura e aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Esta información, xunto coa obtida na preavaliación e as recomendacións do Departamento de Orientación, servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Tamén se tomará nota, especialmente polo tipo de materia da que se trata, do comportamento e interaccións entre o alumnado (a través de distintas actividades e xogos cooperativos e de roles) durante, cando menos, os dous primeiros meses. Estes datos serán a base sobre a que se organizarán despois os grupos de aprendizaxe e traballo cooperativo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes:

Con respecto aos contidos e obxectivos conseguidos (33%):

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Lectura e presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada. Instrumento: táboa de indicadores.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Lectura e entrega do dossier de traballo coa procura de información solicitada. Instrumento: táboa de indicadores.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación ou lectura e debate do proxecto. Instrumento: táboa de indicadores.

Con respecto ao uso da biblioteca e os seus fondos e materiais (33%):

- NAS TRES AVALIACIÓNS: avaliarase o coñecemento, o respecto e o uso de diferentes manuais e instrumentos tanto físicos como en soporte dixital de forma ética e crítica. Instrumento: táboa de indicadores.

Con respecto ao traballo en equipo colaborativo (33%):

- NAS TRES AVALIACIÓNS: Avaliarase o desempeño das tarefas individuais ou grupais, o rol a desempeñar dentro do equipo e a actitude. Instrumento: empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas, non lea na clase ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados nas diversas lecturas deste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A cualificación en cada AVALIACIÓN será a suma aritmética (33%) de todas as partes.

A cualificación FINAL DE XUÑO obterase da seguinte maneira:

1. No caso de que o alumno/a teña aprobadas as tres avaliacións, farase a media ponderada das notas obtidas en cada unha destas.

2. No caso de ter algún trimestre suspenso, terá que recuperar aquela/s parte/s suspensas facendo entrega de todo o material que ten pendente de entregar e que non realizou ou unha proba tipo test.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na clase e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Unha das potencialidades do noso proxecto lector, tal e como amosan moitas experiencias en centros da Comunidade Autónoma, é a de incorporar á lectura a mozos e mozas que presentan resistencias; isto lógrase precisamente porque conectan, cando están ben orientados, con intereses e necesidades deste alumnado, resultando así mesmo, útiles para mellorar a autoestima e as habilidades sociais e de lectura de alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Debate con outros grupos	Difusión informativa do proxecto. Exposición e explicación do proxecto ao longo de todo o curso.		X	X
Visita a algún centro da localidade: centro de día de adultos, biblioteca municipal ou escolar, museos, ...	Exposición do proxecto ao longo de todo o curso.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados